

MATERIA PENDENTE DE 3º ESO: XEOGRAFÍA E HISTORIA.

Para recuperar a materia de Xeografía e Historia, pendente do curso pasado, 3º da ESO, o alumnado debe realizar e entregar boletín de actividades e facer exame cos contidos traballados da materia. Cada parte será avaliada: as actividades cun 30% da nota e o exame cun 70 %.

Para facilitar que o alumnado recupere a materia, imos dividir os contidos en dúas partes, polo que entregará dous boletíns de actividades ao longo do curso, facendo dous exames (un sobre a materia de cada boletín).

As preguntas do exame serán extraídas do boletín correspondente. Entrégaselle o boletín de actividades da parte I a mediados de outubro, que deberá entregala, como data límite, na terceira semana de xaneiro. Nesa semana de xaneiro terá lugar o primeiro exame. Tras isto entregaráselle a parte II, que terá coma data límite de entrega a última semana de abril, momento no que faremos o segundo exame.

1º Boletín para o 1º exame

Último día de entrega destes exercicios: 19 de xaneiro do 2024.

Día do primeiro exame: martes 23 de xaneiro do 2024.

Debes realizar as seguintes ideas clave do libro: (as tedes redactadas)

TEMA 1: A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DO MUNDO. 1 (páx. 16), 1 (páx. 21), 1 (páx. 33)

Que é un Estado? Que elementos o forman?

Define: Estado democrático, ditadura, monarquía e república.

Explica por que España é un Estado social, democrático e de Dereito.

TEMA 2: O MUNDO, UNHA ECONOMÍA GLOBALIZADA. 3 (páx. 44), 3 (páx. 47), 1 (páx. 48)

Que actividades comprende cada un dos sectores económicos?

De que depende o resultado do traballo humano?

Define globalización.

TEMA 3: O SECTOR PRIMARIO. 4 (páx. 73), 2 (páx. 77), 3 (páx. 87), 2 (páx. 95)

Que trazos climáticos limitan o desenvolvemento da agricultura?

Enumera as características da agricultura das rexións desenvolvidas.

Que medidas se adoptan para evitar a sobreexplotación dos caladoiros?

Que produtos destacan na agricultura galega?

TEMA 4: MINARÍA, ENERXÍA E INDUSTRIA. 2 (páx. 105), 1 (páx. 107), 1 (páx. 110), 3 (páx. 127)

Por que vinculamos a actividade mineira co sector secundario?

Por que cualificamos unhas enerxías coma primarias e outras coma secundarias? Pon exemplos.

A que chamamos enerxías renovables?

Que industrias destacan hoxe en España?

TEMA 5: OS SERVIZOS. 3 (páx. 139), 1 (páx. 141), 1 (páx. 151), 4 (páx. 163)

Que tipos de servizos existen? Cales usas a diario de cada tipo?

Que é o comercio? Por que é unha actividade importante?

Di vantaxes e inconvenientes do transporte aéreo.

Que tipos de turismo destacan en Galicia? Cales cres que se poden combinar facilmente?

TEMA 6: UN MUNDO DE CIDADES. 1 (páx. 173), 3 (páx. 173), 3 (páx. 181), 2 (páx. 183)

Que diferenza hai entre espazo urbano e cidade?

Que funcións exerce a cidade?

Que é unha cidade global? Por cinco exemplos.

Enumera os problemas principais das cidades.

2º Boletín para o 2º exame

Último día de entrega destes exercicios: 26 de abril do 2024.

Data aproximada do segundo exame: Primeira semana de maio do 2024.

Debes realizar as seguintes ideas clave do libro: (as tedes redactadas)

TEMA 7: O RETO DO DESENVOLVEMENTO. 1 (páx. 192), 1 (páx. 201), 1 (páx. 205)?

Que aspectos avalía o concepto de desenvolvemento

Pon varios exemplos que mostren a discriminación da muller no mundo?

Que efectos tivo a crise económica de 2007 sobre a pobreza en España? Por que?

TEMA 8: A SUSTENTABILIDADE MEDIOAMBIENTAL. 2 (páx. 215), 1 (páx. 217), 1 (páx. 223)

Enumera os principais problemas medioambientais.

Por que se contamina a atmosfera?

Que é a biodiversidade?

TEMA 9: A IDADE MODERNA, UNHA NOVA ERA. 3 (páx. 241), 1 (páx. 247), 2 (páx. 253)

Que avances técnicos facilitaron a navegación nesta época?

Cal era o obxectivo de Cristovo Colón? Conseguiu? Xustifica a resposta.

Que aspectos da sociedade permaneceron iguais ca na Idade Media? Cales cambiaron?

TEMA 10: NOVAS FORMAS DE PENSAR: RENACEMENTO E REFORMA. 2 (páx. 267), 1 (páx. 268), 2 (páx. 275), 1 (páx. 277)

Quen foron os principais artistas deste período? Di en que rama artística destacaron.

Quen foron os principais artistas do Cinquecento? Cita unha obra de cada un.

Que ideas defendía a doutrina luterana? E a calvinista? • Que é a Contrarreforma?

TEMA 11: A FORMACIÓN DO IMPERIO ESPAÑOL. 1 (páx. 289), 2 (páx. 294), 2 (páx. 301), 4 (páx. 303)

Que medios adoptaron os Reis Católicos para reforzar o seu poder?

Describe a sociedade do século XVI. • Que factores explican a rápida conquista de América polos españois?

Como se organizou o comercio entre España e América?

TEMA 12: A EUROPA DO BARROCO. 1 (páx. 321), 2 (páx. 329), 3 (páx. 337), 2 (páx. 338)

Define: monarquía absoluta, manufacturas reais.

Explica como é a arquitectura barroca.

Cita os grandes personaxes do Século de Ouro e indica a faceta en que destacaron.

Que factores explican os cambios da poboación? E os da economía?